

III EDICIÓN RESIDENCIA XACOBEO PARA TRADUCTORES/AS DE LITERATURA GALEGA

III EDITION XACOBEO RESIDENCY FOR TRANSLATORS OF GALICIAN LITERATURE

BASES DA CONVOCATORIA:

1. OBXECTO:

A presente convocatoria ten por obxecto fixar as bases reguladoras que establece a Residencia Literaria 1863 –en colaboración coa Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia– para impulsar a Residencia Xacobeo. Dito programa apoiará unha residencia para tradutores/as de literatura galega a calquera lingua do mundo, por un mes de duración (en concreto, marzo de 2023) na Residencia Literaria 1863, da Coruña (Galicia).

1. OBJECTIVES:

The objectives of this open call are to establish the regulatory bases established by the 1863 Literary Residence, in collaboration with the General Direction of Culture of the Xunta of Galicia, to promote the **Xacobeo Residency**. This program will support a residency for translators of Galician literature to any language during one month (specifically, March 2023) at the 1863 Literary Residence, in A Coruña (Galicia – Spain).

2. FINALIDADE:

A **Residencia Xacobeo** ten como finalidade o estímulo e promoción da tradución de obras literarias en galego de calquera xénero literario, nunhas condicións de excelencia e mediante a inmersión na cultura que as viu nacer.

Fornecer aos e ás tradutoras dun espazo, un tempo, un contexto e unhas condicións óptimas para a enteira dedicación ao seu propio proxecto de tradución, dentro dun contexto idóneo, constitúe así mesmo o obxectivo deste programa.

O tradutor ou tradutora, se así o desexa, terá a oportunidade de ofrecer un

encontro público de mostra do seu traballo, en Galicia, durante o tempo de residencia.

O tradutor ou tradutora en residencia na Coruña terá acceso prioritario a museos, galerías, bibliotecas, concertos, visitas guiadas, encontros literarios, obras de teatro e outros eventos nunha cidade enormemente segura e que conta cunha rica e diversa vida cultural.

2. PURPOSE:

The **Xacobeo Residency** aims to stimulate and promote translation of literature from any genre in Galician language, in conditions of the utmost excellence, and through an immersion in the culture from where it springs.

The aim of this residency is also to provide the translators with the space, time, context and optimal conditions for the complete dedication to their translating project, within an ideal environment.

The translators will have the optional opportunity to give at least one public reading / lecture to showcase their work, during the time of the residency.

The translator in residence in A Coruña will have priority access to museums, galleries, libraries, concerts, guided tours, literary meetings, plays and other events in A Coruña, a city renowned for its rich and diverse cultural life.

3. PRAZO DE PRESENTACIÓN E PERÍODO DE SOLICITUDE:

As solicitudes para concorrer á **Residencia Xacobeo** deberán presentarse antes do día 30 de decembro de 2022 ás 22:00h.

Unha vez seleccionada e anunciada a persoa á que se conceda esta bolsa en residencia, gozará da mesma ao longo do mes de marzo de 2023. Nomearase así mesmo unha persoa suplente en caso de cancelación.

O candidato ou candidata elixida deberá chegar a Galicia ao comezo de dito mes natural e marcharao remate do mesmo (non se admiten chegadas ou saídas a metade de mes).

3. SUBMISSION DEADLINE AND APPLICATION PERIOD:

Applications to participate in the **Xacobeo Residency** should be received by December 30th, 2022 at 22:00.

Once selected and announced, the awardee will spend the month of March 2023 in the Residencia Literaria 1863. A second candidate will also be advised in the event of cancellation.

The Residency runs for the entire calendar month of March and the translator must arrive at the beginning of the month, departing at the end of the month. (Arrivals or departures are not permitted outside of these dates.)

4. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

Poderá concorrer á presente convocatoria individualmente calquera tradutor/a literario/a –maior de dezaoito anos– de obra de literatura en galego, en calquera xénero literario, para calquera lingua do mundo.

4. REQUIREMENTS:

This residency call is open to any literary translator over the age of eighteen planning to translate any literary work from the Galician language, of any literary genre, into any language in the world.

5. PATROCINIO:

Financiada pola Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, este programa en residencia ofrece una bolsa de traslado, manutención e alojamento –ao longo dun mes– para tradutores de literatura galega na Residencia 1863 de A Coruña (Galicia – España).

5. FUNDING:

Funded by the General Direction of Culture of the Ministry of Culture of the Xunta de Galicia, this residency program supplies the awarded translator of Galician literature with transport, maintenance and accommodation, during one month, in the Residence 1863 in A Coruña (Galicia - Spain).

6. PRESENTACIÓN DE PROXECTOS E FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES:

Para solicitar a **Residencia Xacobeo**, en concorrencia competitiva, cada tradutor ou tradutora poderá presentar un único proxecto de tradución literaria.

As solicitudes incluirán, anexos, documentos de texto (en .doc, .docx, .odt ou .pdf) en galego, castelán ou inglés que aborden os seguintes apartados:

- (1) **Curriculum** redactado nun máximo de dúas páxinas (incluíndo nome completo, DNI e datos de contacto).
- (2) **Memoria de PROXECTO:** Descripción do proxecto de tradución literaria que se pensa desenvolver durante a residencia (Máx. 2 páxinas). Pódese facer mención do potencial interese da obra galega no contexto cultural de destino, das ferramentas de apoio á tradución unha vez en Galicia e/ou de calquera outro detalle que permita ao comité de valoración facerse unha idea o máis aproximada posible do plan a procurar.
- (3) **Dossier literario:** escolma capaz de actuar como mostra representativa do traballo de tradución literaria (publicado ou non) do ou da solicitante (Máx. 10 páxinas).
- (4) **Carta de motivación** para solicitar esta **Residencia Xacobeo** de non máis dunha páxina de extensión (Máx. 1 páxina).

Unha vez preparados todos estes documentos, enviaranse nun único e-mail ao enderezo electrónico: 1863coruna@gmail.com, sempre antes das 22:00h do día 30 de decembro de 2022.

Os mails deberán indicar no 'asunto': "Residencia Xacobeo"

No caso da candidatura non se recibir completa, a participación será desestimada e o/a solicitante descartado/a da convocatoria.

6. SUBMISSION GUIDELINES:

To apply for the **Xacobeo Residency**, each participant must submit a single translation project. Applications must be submitted as Galician, Spanish or English text documents (in .doc, .docx, .odt or .pdf) that cover the following sections:

- (1) **CV** including full name, I.D. number and contact details (Max. 2 pages).
- (2) **Proposal:** Description of the literary translation project you plan undertake during the residency. You may wish to discuss the potential interest of the Galician work in the final cultural context, the kind of tools that will help your translation once in Galicia and/or any other details that will help inform the panel of your proposal. (Max. 2 pages).
- (3) **Publications:** a representative selection of literary translations, these may be previously published or unpublished (Max. 10 pages).
- (4) **Letter of motivation** as to why you wish to apply for the **Xacobeo Residency** (Max. 1 page).

Applications should be submitted to: 1863coruna@gmail.com by 22:00 on 30th December, 2022 with the subject heading "**Xacobeo Residency**".

In the event that the application is not completed in full, it will be considered void and the applicant will be excluded from the call.

7. SELECCIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Os proxectos presentados serán sometidos a un proceso de selección por un Comité de Valoración designado pola Residencia Literaria 1863 e a Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, e do que non necesariamente farán parte as súas respectivas direccións. Estará composto por profesionais de recoñecido prestixio na tradución e a literatura galega, quen seleccionarán –de xeito debidamente xustificado– as mellores candidaturas a este programa en residencia.

Decidirase, de tal modo, o nome da persoa que traballará en Galicia en residencia, así como un/ha inmediato/a suplente en caso de cancelación.

O comité de valoración elixirá o proxecto que considere merecedor do intercambio

en residencia, avaliando:

- interese, calidade e viabilidade do proxecto de tradución.
- excelencia da traxectoria previa.
- idoneidade da carta de motivación.

7. SELECTION AND EVALUATION CRITERIA:

Proposals will be submitted to a selection process by an Evaluation Panel appointed by the 1863 Literary Residence and the General Direction of Culture of the Xunta of Galicia, of which their respective directors may not necessarily be part. The panel will be made up of professionals in Translation and Galician literature, who will select, in a fully transparent manner, the best applicants for the residency.

They will decide the name of the translator selected to travel to Galicia, as well as a substitute in the event of cancellation.

The panel will choose the project they consider worthy of the translation residency, evaluating:

- interest, quality and viability of the translation project.
- excellence of previous trajectory.
- suitability of the letter of motivation.

8. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN DO RESULTADO DA CONVOCATORIA

Adxudicada tras o proceso selectivo a **Residencia Xacobeo**, notificarase á persoa seleccionada –e máis ao/á suplente– durante o mes de xaneiro de 2023 e no enderezo electrónico facilitado.

Entenderanse desestimadas as solicitudes presentadas que non se acollan ás bases polas que se resolve esta convocatoria. Non se manterá correspondencia cos ou coas solicitantes que queden fóra da selección final.

8. RESOLUTION AND ANNOUNCEMENT:

Awardees will be notified before the end of January 2023 at the email address provided.

Applications submitted that do not comply with the rules governing this call will be deemed incomplete. The Panel's decision is final and no correspondence will be

entered into with applicants.

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:

As persoas que, nos anos sucesivos, resulten beneficiarias desta convocatoria Terán a obriga decumprir as seguintes obrigas:

- Comunicar por escrito, no prazo de quince días naturais desde a comunicación da concesión da **Residencia Xacobeo**, a aceptación da mesma e das bases que a regulan. De non facelo, enténdese que renuncia á praza, pasando a concederse á persoa suplente seleccionada a tal efecto.
- Destinar a **Residencia Xacobeo**, e a correspondente estadía na Residencia Literaria 1863, a traballar na súa tradución literaria, segundo –o máis axustadamente posible– o proxecto descrito na memoria presentada coa solicitude.
- Aceptar e cumplir o acordo que rexerá a correcta utilización das instalacións da Residencia en Galicia, de xeito respectuoso, adecuado e responsable, e estritamente polo período pactado. Non se admitirán cónxuxes, familiares, acompañantes nin tampouco animais de compañía na residencia, que se entende destinada ao concentrado desenvolvemento individual do traballo do tradutor ou tradutora. Así mesmo, a persoa que viaxe a Galicia deberá ser alguén conscientemente capaz de residir só/soa e con autonomía polo espazo dun mes.
- Presentar unha breve memoria final (máximo 200 palabras) que valore a experiencia aproveitada e o posible impulso ao propio traballo de tradución literaria, capaz de orientar a futuros/as solicitantes. Haberá de se remitir ao correo electrónico da correspondente Residencia dende cinco días antes a quince días despois do fin da estadía.
- Se, no futuro, o labor de tradución desenvolvido durante o intercambio en residencia chegase a ser publicado, deberase facer constar que dito traballo foi impulsado na Residencia Literaria 1863 co patrocinio da Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e grazas á **Residencia Xacobeo**.

9. OBLIGATIONS OF THE BENEFICIARIES:

Awardees will be asked to:

- Communicate in writing, within fifteen calendar days from the communication of the awarding of the **Xacobeo Residency**, the acceptance of the same. If the translator does not do so, it is understood that they are withdrawing their application, which will be granted to the alternate person selected for this purpose.
- Dedicate the **Xacobeo Residency**, and the corresponding stay at the Literary Residence 1863, to pursue their literary translation, following --as closely as possible-- the proposal described in the application.
- Accept and comply with the standards and rules governing the correct use of the facilities at the Residence in Galicia, in a respectful, appropriate and responsible manner, and strictly for the agreed period. Spouses, relatives, companions and pets will not be admitted to the residence, which is intended for the concentrated individual development of the translator's work. Likewise, the person traveling to Galicia must be someone who is consciously able to live alone and with autonomy for a period of one month.
- Present a brief final report (max. 200 words) summarizing the experience and the potential stimulus to the translator's work. This may help guide future applicants. The report is to be emailed to the corresponding Residence within 15 days of the stay.
- Work developed during the Residency that is subsequently published should acknowledge the Literary Residence 1863, the **Xacobeo Residency** as well as the funding body: General Direction of Culture of the Xunta of Galicia.

10. FINANCIAMENTO DO INTERCAMBIO EN RESIDENCIA:

O billete de avión en clase turista desde o país de orixe do tradutor/a ata Galicia –destinado ao aproveitamento da bolsa en residencia– terá unha única entrada e saída e non estará a outro nome que ao da persoa beneficiaria.

O candidato ou candidata elixida deberá, antes de viaxar a Galicia, dispoñer dun mínimo seguro médico que cubra: repatriación, gastos de hospitalización e gastos médicos.

A manutención durante o mes de estadía quedará igualmente cuberta, a través dun estipendio para gastos básicos.

10. FINANCING OF THE EXCHANGE IN RESIDENCE:

The airplane ticket in economy class from the origin country of the translator to Galicia--intended for the use of the Residency-- will have a single entry and exit date and will be in no other name than that of the beneficiary.

The chosen candidate must, before traveling to Galicia, have minimum medical insurance that covers: repatriation, hospitalization expenses and medical expenses.

Maintenance during the month of the Residency will be covered, through a stipend for basic daily expenses.

11. OBSERVACIÓNES:

A concorrencia a este intercambio en residencia suporá a total aceptación destas bases.

Para calquera dúbida concreta, estritamente relacionada con este programa en Residencia, poden dirixirse a yolandacastano@hotmail.com.

11. OBSERVATIONS:

Participation in the **Xacobeo Residency** presupposes the total acceptance of these conditions.

For queries related specifically to this translation residency, contact yolandacastano@hotmail.com.